

ANEXO 5: VEXETACIÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. VEXETACIÓN POTENCIAL.....	3
2.1 Bioclimatología.....	3
2.2 Piso bioclimático.....	3
2.3 Series de vexetación.....	4
3. VEXETACIÓN ACTUAL.....	4

1. INTRODUCCIÓN.

O estudo da vexetación ten como obxectivo definir as formacións vexetais existentes actualmente na zona a actuar, ademáis de determinar a súa vexetación potencial e o estado de regresión na que se atopa.

A vexetación actual na zona é importante á hora de realizar os traballos de repoboación aínda que sexa por puntos. Tamén condicionará os traballos de desbroce.

As especies proporcionan unha información complementaria sobre as condicións estacionais dentro da zona.

O coñecemento da vexetación potencial terá grande importancia á hora de elexir as especies coas que repoboaremos os puntos desprovistos de vexetación ó longo do tramo de actuación.

2. VEXETACIÓN POTENCIAL.

Para o estudo da vexetación potencial empregouse a “ Memoria del mapa de series de vexetación” de Rivas Martinez.

2.1 Bioclimatoloxía.

A bioclimatoloxía é a ciencia que tenta relacionar os seres vivos e o clima.

De entre os factores climáticos que configuran as comunidades de organismos ou biocenose destacan como os máis responsables a precipitación e a temperatura.

A continuación estúdanse diversos índices para poñer en evidencia as relacións entre clima e vexetación.

En España recoñécense tres rexións: Mediterránea, Eurosiberiana e Macaronésica (illas Canarias). Galicia pertence a rexión Eurosiberiana.

2.2 Piso bioclimático.

Enténdese por piso bioclimático a cada un dos tipos ou espazos termoclimáticos que se suceden nunha cliserie actitudinal ou latitudinal.

En cada rexión bioxeográfica existen pisos bioclimáticos, que se calculan cos índices de termicidade.

A súa expresión é a seguinte::

$$It = (T + m + M) \times 10$$

Onde:

T = temperatura media anual.

m = temperatura media das mínimas do mes máis frío.

M = temperatura media das máximas do mes máis frío.

Co cal queda:

$$It = (12,6 + 3,7 + 11,1) \times 10 = 274$$

En función de este índice, esta zona ubícase dentro da rexión Eurosiberiana e o piso Colino. Cuias características xerais son: $T > 10^{\circ}\text{C}$, $m > 2^{\circ}\text{C}$, $M > 10^{\circ}\text{C}$, $It > 240$.

2.3 Series de vexetación

Serie de vexetación é a unidade xeobotánica e paisaxística que expresa todo o conxunto de comunidades vexetais, como resultado do proceso de sucesión, o que inclúe tanto os tipos de vexetación representativos da etapa madura do ecosistema vexetal, como as comunidades iniciais subseriais que as reemplazan. Tendo en conta esta definición:

A zona de ribeira de “Ponte Brates” atópase na Rexión Eurosiberiana, Superprovincia Atlántica, Provincia Cantabroatlántica, Sector Galaico-portugués; Piso Colino. Serie montana galaico-portuguesa acidofila do carballo (8d) e o *Quercus robur* (*Vaccinio myrtilli-Querceto roboris sigmetum*). VP, robletais acidófilos.

Tales carballeiras oligotróficas desenvólvense sobre sustratos silíceos pobres en bases e en xeral sobre solos profundos.

3. VEXETACIÓN ACTUAL.

Formada principalmente por vexetación de ribeira, terreo a monte, unha pradeira e unha carballeira.

No que se refire as formacións vexetais existentes existen:

Matogueira: esta formación constitúe un estrato de entre 1,5 e 2 m de altura. Aparece repartida ó longo do tramo do río así como na zona a monte. A superficie aproximada é de 5.791 m², dominado por: *Ulex europaeus*, *Rubus sp*, *Cytisus striatus*, *Cytisus scoparius*, *Pteridium aquilinum*, *Hedera helix*... salpicado por fentos típicos de ribeira como poden ser *Blechnum spicant*, *Asplenium scolopendrium*, *Polipodium sp*, *Dryopteris affinis*...

Arboredo: As especies arbóreas presentes tanto a beiras do río como na parcela de monte son : *Quercus robur*, *Alnus glutinosa*, *Quercus pyrenaica*, *Pyrus piraster*, *Frangula alnus*, *Salix atrocinerea*, *Corylus avellana*, *Castanea sativa*, *Betula alba*, *Fraxinus excelsior*, *Sambucus nigra*, *Crataegus monogyna*... Con un total de 6.350 m² repartidas en:

5.499 m² de monte dominado por *Quercus robur* e *Betula alba*.

350 m² de vexetación de ribeira.

501 m² de carballeira (*Quercus robur*)

Vexetación herbácea: Na zona existe unha pradeira natural dominada por vexetación herbácea. As especies máis abundantes son:

Trifolium pratense, *Trifolium repens*, *Dactylis glomerata*, *Lolium perenne*, *Bellis perennis*, *Achillea millefolium*, *Plantago lanceolata*, *Rumex obtusifolius*, *Taraxacum officinale* e *Ranunculus repens* entre outros. Esta zona ocupa 3.368 m².

A área de obxecto de estudo se divide en 4 zonas según os tipos de formacións vexetais que se atopan nelas, e son as seguintes (*ver plano nº 2: Situación actual*).

- **Zona I:** monte en estado de abandono dominado por *Quercus robur* e *Betula alba*.
- **Zona II:** Pradeira.
- **Zona III:** Vexetación da marxe do río. Dominada por *Alnus glutinosa*, *Salix atrocinerea*, *Fraxinus excelsior*, *Corylus avellana*...
- **Zona IV:** Carballeira (*Quercus robur*).